

Concerto Bucólico



O Gaiteiro Bucólico foi un vello apaixonado, obsesionado, namorado da música, e sobre todo da música de tradición galega. Interesáballe todo, as melodías, os ritmos, as letras das cantigas, pero sobre todo...

Os seus Instrumentos...

O Concerto Bucólico

Pedro é o tátara-tátara-tátara neto do Gaiteiro Bucólico, un gaiteiro de moita sona que se dedicou durante moito tempo a percorrer romerías, festas e feiras recompilando e compartindo cancións, cantigas e melodías facendo así unha labor sociocultural moi importante.



Agora Pedro ademais de herdar o gusto polas artes do seu tátara-tátara-tátara avó, tamén herdou unha morea de instrumentos musicais que debe reparar, investigar, poñer a punto, e o máis complicado aprender a facelos soar, para así seguir coa labor do seu antepasado pero agora polas escolas, locais sociais, espazo culturais e outros que aparezan.

Trátase dunha pequena presentación de instrumentos tradicionais e non tan tradicionais, (case poderíamos dicir rurais), mostrados ao tempo que se conta unha pequena historia como fío narrativo. A historia irase intercalando coas cancións que irán soando nos diferentes instrumentos. Durante o espectáculo presentaranse instrumentos como a fruta de bambú, os bugallos, a requinta, a gaita de palla, a zanfona, a gaita de fol, o mexacán, as cunchas, o latón, e moitos máis.

Características do espectáculo: "Concerto Bucólico"

Espectáculo : de teatro en lingua galega con música en directo.

Duración aproximada : 50 minutos.

Público familiar : dende 4 a 105 anos.

Espazo mínimo: 5 m x 4 m.



A Compañía - YAZABRO – Simón Piñón

Simón Piñón, actor, educador e fanático da música, licenciado en Interpretación Textual na Escola Superior de Arte Dramático de Galicia na cidade de Vigo. Realiza cursos de formación no extranxeiro (Polonia, Italia). Traballa en compañías como ARTELLO de Vigo, ARTESACIA da Coruña, ou MIRCROMINA de Mondoñedo. Crea con Gustavo Fouce a compañía e produtora de espectáculos NASDROVIA na cidade de Lugo.

No plano musical forma parte de diferentes grupos musicais como a 5ª do Lobo, Airiños de Orbazai, Sarabela Folk ou A Troba do Bugallo. En 2015 nace a idea de Yázabro como un espazo de investigación e creación musical e teatral dende un punto de vista máis persoal do actor.






www.simonpinhon.wix.com/yazabro

simonpinhon@gmail.com

[Facebook/simonpinhon](https://www.facebook.com/simonpinhon)



Galería Fotográfica



Yazabro

YAZABRO

Concerto Bucólico



Correo: simonpinhon@gmail.com

Teléfono: 625130009

Web: <http://simonpinhon.wix.com/yazabro>

Facebook: <https://www.facebook.com/profile.php?id=100009168391816&fref=ts>

Pequeno video do espectáculo: <https://www.youtube.com/watch?v=MmgdRFt279Y>